

XIII CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS DE COMPOSTELA E COMARCA

DIA	HORA	LUGAR	TITULO DA OBRA, GRUPO	CENTRO	DURACIÓN
21	10.45	Xelmírez I	<i>Alicia no país das marabillas</i> , Grupo de teatro do IES de Sar	IES de Sar	40 min.
21	12.00	Rosalía	<i>Equus</i> , Rosalía 2	IES Rosalía de Castro	60 min.
22	10.45	Xelmírez I	<i>Dentro dos muros</i> , D'animais Teatro	IES Eduardo Pondal	45 min.
23	10.45	Xelmírez I	<i>A Berenguela</i> , Akeké	IES Xelmírez II	30 min.
24	10.45	Xelmírez I	<i>O achado do castro</i> , Akeké	IES Xelmírez II	40 min.
24	12.00	Rosalía	<i>O rei nu</i> , Tantometén	IES Antonio Fraguas	55 min.
25	10.45	Xelmírez I	<i>Fábula</i> , Aula de Teatro do CPI de Vedra	CPI de Vedra	60 min.
25	12.00	Rosalía	<i>Se o vello Simbad</i> , Farándola	CPI Bembibre	45 min.
28	10.45	Xelmírez I	<i>Carraxe</i> , Vai no Dentista	IES Xelmírez I	45 min.
28	12.00	Rosalía	<i>Eterna xuventude</i> , Rosalía 1	IES Rosalía de Castro	50 min.

O Xurado estará integrado polo público asistente e polos directores/as das obras representadas.

**A OBRA PREMIADA REPRESENTARASE NO TEATRO PRINCIPAL
O DÍA 3 DE XUÑO DE 2008 ÁS 20 HORAS**

COORDENADORA DE EQUIPAS DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE SANTIAGO

A inclusión de propostas diversas relacionadas coa actividade teatral no programa xeral de actividades da Concellaría de Educación parte da súa consideración como un recurso importante no proceso educativo.

Nos últimos anos son diversas as propostas que teñen como obxectivo incorporar o feito teatral ao contorno sociocultural do escolar e da mocidade, deixando de ver o teatro como un fenómeno estrano, illado da súa experiencia cotiá e realizado en circunstancias excepcionais.

Nesta ocasión a iniciativa do Certame de Teatro Intercentros, que xa vai na súa décima terceira edición, é unha experiencia de dinamización cultural no eido do teatro que, nacendo nos propios centros de ensino, coa determinante implicación e coordinación das equipas de normalización lingüística, fai que sexa un esforzo que debe ser correspondido e apoiado polo concello de Santiago.

CENTRO: IES de Sar
GRUPO: de teatro do IES de Sar
OBRA: *Alicia no país das marabillas*
DURACIÓN: 40 minutos.

CENTRO: IES Rosalía de Castro
GRUPO: Rosalía 2
OBRA: *Equus*
DURACIÓN APROX.: 60 minutos
SINOPSE: Alan é un rapaz de deza-sete anos que comete a atrocidade de arrancarlles os ollos a catro cabalos. A acción transcorre no psiquiátrico no que a doutora Disar trata o mozo e intenta descubrir por que cometeu tal acto. Para iso empregará diferentes métodos como a hipnose ou a gravación de voz. Veremos pasar por diante do nosa infancia deste paciente tan especial.

CENTRO: IES Eduardo Pondal
GRUPO: D'animais Teatro
OBRA: *Dentro dos muros* de Jean-Gabriel Nordman.
DURACIÓN: 45 minutos
SINOPSE: Fragmentos da vida dun grupo de adolescentes de ambos os dous sexos presos nun correccional para delincentes novos.

CENTRO: IES Rosalía de Castro
GRUPO: Rosalía 1
OBRA: *Eterna xuventude*
DURACIÓN APROX.: 50 minutos
SINOPSE: Catro vellos que viven no mundo da imaxinación: para eles non pasa o tempo, conversan con personaxes inexistentes, asisten a eventos que non se celebran, viaxan en coche de cabalos; e todo isto sen saír da casa. Unha casa habitada, ao mesmo tempo, por outras dúas familias que decidiron ignorarse mutuamente: "Nin nos vemos nin nos ouvimos". Por se o enredo fose pouco, resulta que, aínda que coinciden no espazo, non coinciden no tempo.

CENTRO: IES A. Xelmírez II
GRUPO: AKEKÉ
OBRA: *Berenguela. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo* de Manuel María
DURACIÓN: 30 minutos
SINOPSE: Unha liorta entre unha folla de carballo e unha espiña de toxo serve de pretexto para denunciar a indefensión dos sectores máis desfavorecidos da sociedade.

CENTRO: IES A. Xelmírez II
GRUPO: AKEKÉ
OBRA: *O achado do castro* de Manuel Núñez Singala
DURACIÓN: 40 minutos
SINOPSE: Esta obra, achada nun castro celta, cóntanos en clave de humor dúas historias paralelas: o amor entre a filla do emperador de Roma e o mozo Manolitus e os enredos de dous ladróns que intentan roubar a medalla do emperador.

CENTRO: IES Antonio Fraguas
GRUPO: Tantometén
OBRA: *O rei nu* de Quico Cadaval e Cándido Pazó
DURACIÓN: 55 minutos
SINOPSE: Un rei presumido e vaidoso, un espello respondón, uns ministros calcados do manual de protocolo, un persoal laboral un tanto descarado, dous atrevidos estafadores, un pirata, a ratiña presumida...

Moita xente para tan pouco conto, un conto con principio e con final e no que pasan cousas no medio... Pero un conto no que poderedes ver o traxe máis asombroso, fabuloso, espectacular, maravilloso do mundo enteiro...
...se é que sodes quen de velo...

CENTRO: CPI de Vedra
GRUPO: Aula de Teatro do CPI de Vedra
OBRA: *Fábula*
DURACIÓN: 60 minutos
SINOPSE: Trátase dunha obra de temática contemporánea, realista, emocional e con grandes doses de humor e de interacción co público. Unha radiografía da situación actual da nosa sociedade na que se amosan as dificultades dos adolescentes, a incomunicación pais – fill@s; os xogos das aparencias na actual sociedade de consumo; as diferentes posturas perante os conflitos lingüísticos... Todas elas engarzadas de xeito coruscante polos escintilantes, vivos e cromáticos movementos das actrices e dos actores desta aula de teatro.

CENTRO: CPI de Bembibre
GRUPO: Farándola
OBRA: *Se o vello Simbad...*
DURACIÓN: 45 minutos
SINOPSE: O Vello Simbad viaxou por mundos inéditos, mentres a súa verduras medraban na súa horta. As illas maravillosas do imaxinario propio e colectivo. Diferentes personaxes mesturan as súas cores no espírito de Simbad, que somos todos, unha sociedade alternativa que habita as terras e os océanos da utopía.

CENTRO: IES Xelmírez I
GRUPO: Vai no Dentista
OBRA: *Carraxe*
DURACIÓN: 45 minutos
SINOPSE: *Carraxe* expresa un sentimento a través de históricas personaxes femininas. Preguntámonos en qué lugar do camiño quedan as emocións de diversas mulleres relevantes, reais ou ficticias. *Carraxe* é unha olla-da íntima desde o interior de Xulieta, Xoana A Tola ou a raíña Atosa que se rebelan contra o seu sino.